

FISIOTERAPIA XERAL 2

Iris Machado de Oliveira, Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e Clara Rodríguez Gude.

Curso 2023-24

Algunhas consideracións xerais:

- O traballo da materia terá dúas partes: un **protocolo de aplicación** e unha **infografía**.
- A realización do traballo é **obrigatoria** para superar a materia.
- O traballo será de realización **individual**.
- No caso do protocolo de aplicación, o traballo, aínda que individual, varias persoas traballarán sobre o mesmo caso clínico. Estes casos clínicos sobre os que se traballará comunicaranse cando xa se remate a parte teórica da materia.
- Tal e como consta na *Guía docente* da materia, o traballo da materia terá un valor máximo sobre a nota final de **1'5 puntos** (no caso de avaliación continua) **ou de 1 punto** (no caso de avaliación global).
- O **30 de xaneiro**, na presentación da materia, daranse as indicacións fundamentais sobre o mesmo e aclararanse as dúbidas (xunto cos documentos explicativos).
- **Antes das 14:00 horas do 3 de maio de 2024** entregarase a infografía (no caso de avaliación continua). A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño.
- **Antes das 14:00 horas do 9 de maio de 2024** entregarase o protocolo elaborado (no caso de avaliación continua). A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño.
- **Antes das 14:00 horas do 16 de maio** procederase á entrega das valoracións dos protocolos dos compañeiros de grupo de traballo (no caso de avaliación continua).
- Os distintos compoñentes do traballo subiranse a MooVi ao apartado propio que cada un deles terá en MooVi. O arquivo a subir terá que nomearse co caso clínico que é ou "infografía" sen til máis o nome de quen o entrega (por exemplo, *lumbalxia_ana_moure* ou *infografía_ana_moure*).

No caso daqueles/as estudantes que sigan a avaliación global e non a continua, terán que entregar tanto a infografía como o protocolo de aplicación desenvolto **antes das 14:00 horas do 9 de maio de 2024**. A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño. Ámbolos dous compoñentes do traballo terán un apartado propio en MooVi, o cal será distinto daqueles/as estudantes que sigan a avaliación continua.

De cara a valoración do traballo, véxanse os documentos respectivos.